

No *Diario Oficial de Galicia* do 23 de xaneiro de 2023 publicouse a Orde do Conselleiro de Facenda e Administración Pública do 26 de decembro de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca a XXVI edición do Premio Manuel Colmeiro para traballos de investigación que teñan como obxecto a Administración pública de Galicia.

De acordo co disposto na base novena da convocatoria, finalizado o prazo para a presentación dos traballos candidatos ao premio, procede o nomeamento do xurado especial ao que corresponde o exame dos traballos presentados e, se é o caso, a proposta de adxudicación do premio.

De conformidade coa devandita base, veño en nomear como membros do xurado especial ás seguintes persoas:

Presidente:

Jaime Rodríguez-Arana Muñoz, Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña e ex director da Escola Galega de Administración Pública

Secretaria:

Erika Jaraiz Gulias, Profesora titular de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Santiago de Compostela

Vogais:

Francisco Javier Sanz Larruga, Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña

Elena Barba Pan, Secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia

Jacinto Laredo Jiménez, Profesor de Dereito Administrativo na Universidade de Vigo.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela, na data sinalada ao marxe

O Conselleiro de Facenda e Administración Pública

Miguel Corgos López-Prado

